

XA TAMOS MÁIS CERCA

↓ Manuel García "Galano"

Estos tempos d'atrás, condo s'abriron á circulación novos tramos da carretera que nos amece con Uviedo, eran muitos os vecíos d'este occidente d'Asturias a os que se yes ouguía dicir: "xa tamos máis cerca", aludindo á distancia que nos separa da capitalidá unde tán os centros de goberno d'Asturias.

Y refiríanse, claro ta, non a que nos achegaran nel espacio, sinón a que nos reduciron nun bon cacho el tempo que leva fer el trayeuto. "Fun a Uviedo en menos d'hora y media dende Tapia", dicía ún; "pois eu inda cheguéi aló máis axina", reprecaba el outro; "xa veredes condo s'abra a Ponte de Caneiro", retrucaba un terceiro; y cousas así. Era como si s'entrabase entre ellos úa luta pra ver quén sacaba máis ventaxa da miyoría da carretera, y entre todos s'adiviaba el contento polo qu'a nova vía supón pra nosoutros.

Ún, que xa chegóu a ese paso da escaleira que, eufemísticamente, ye chaman a terceira edá, nun pode menos qu'acordarse das seis ou sete horas que, hai cincuenta ou máis anos, s'empriaban en fer el viaxe qu'hoi se resolve en pouco máis d'un hora. Tantas voltas y revoltas por úa carretera chía de furacos, subindo y baxando as costas naqueles autos con gasógeno qu'iban tan axeito —condo nun yes daba por parar, que lo fían a miúdo cua terquedá dos burros—, convertían el trayeuto cuase nun calvario, anque estonces nun nolo parecese tanto porque tábamos ben afeitos a aquelas situacións y a outras piores, ademáis de que condo nun se conoz nada miyor nun se bota de menos lo qu'outros tein.

El recordo d'aquelos tempos —y d'outros muito piores si botamos os oyo inda máis pra detrás— lévame a fer algúa reflexión acerca d'elo. Claro qu'é verdá que tamos máis cerca. Y nun lo tamos nomáis gracias á búa carretera, támoslo tamén noutras cousas, entre elas na consideración dos qu'os nosos mayores apodaban *os de riba*. Pode que non a todos os novos yes chegase el sentimento de saberse *deixados da mao de Dios* qu'anióu nas xentés d'estas terras del occidente,

chamadas a miúdo as Asturias amoladas, xorobadas, esquecidas, y nas que se fía verdá el dito de "lonxe de corpo...". Digo esto porque ás veces nun vén mal recordalo xa qu'así dáseye miyor aprecio a lo que se ten hoi, pois penso que sintirse lonxe na consideración y nas atencións dos que tein a obrigación de prestalas, inda é pior que saberse físicamente distante.



Parada del ALSA en Navia (1957)

Pro a cousa é que xa tamos máis achegados a *os de riba*. Ben é verdá que xa empezamos a talo muito antias de qu'a nova carretera nos puxese a Uviedo un bocadín máis á mao. Xa hai muito tempo que somos daquén y naide se deixa hoi *meter os didos polos oyo*s, como dicía meu bolo. Malo fora. Fomos axeito, pro fomos indo. Xa sei que non todo ta resolto y nunca lo tará, pois sempre haberá daqué por que luitiar —sin tar sempre xemendo, que tampouco é eso—, pro anque un amigo meu diría aquilo de "xa nun é sin tempo", nun se pode negar que cada vez tamos máis cerca.

Y os que conocemos ou soupemos d'outros tempos penso qu'inda lo valoramos máis.

¡Y é que tuvemos tan lonxe!

ENTRABASUGA